



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

**Expte Tedec: 2024/X998/000074**

JOSÉ ANTONIO PEREIRA GIL, ALCALDE DO CONCELLO DA BAÑA (A CORUÑA)

O Concello da Baña informa que, este ano, non se require autorización municipal para elaborar as tradicionais cacharelas de San Xoán en recintos privados. Non obstante, aquelas asociacións ou colectivos de veciños que queiran facer as cacharelas en espazos públicos deberán solicitar un permiso (vía sede electrónica) e ademais presentar un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos causados no lugar de celebración.

A data límite para solicitar a autorización é o xoves 20 de xuño de 2024.

Será obrigatorio limpar o espazo autorizado ó finalizar a actividade, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.

O Concello da Baña tamén recorda as normas que se deben seguir para garantir o correcto desenvolvemento da celebración:

As fogueiras deberán estar separadas polo menos a 15 metros das casas e 50 m. das árbores ou zonas vexetais. Débese ter especial coidado de non colocalas debaixo de liñas eléctricas ou telefónicas.

Está prohibido queimar pneumáticos, plásticos, aceites e en xeral calquera sustancia que ó arder emita fumes tóxicos. En ningún caso se queimarán recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión, incluídos os que estean baleiros.

En terreos con vexetación herbácea, previo ó inicio da cacharela, procederase á limpeza do material combustible nunha franxa de non menos de 9 metros de ancho, rodeando o perímetro.

Será monitorizado polos responsables ata a súa completa extinción, asegurándose de que as cinzas queden completamente extinguidas. En caso de que se levante vento suspenderase inmediatamente.

A Baña, 6 de xuño de 2024

